

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30.01.2020

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

(incorpórase á sesión concluída a votación do punto primeiro da orde do día)

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día trinta de xaneiro de dous mil vinte, xúntanse en sesión ordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 26.12.2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



“ PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 26.12.2019.

(Expediente TEdC: 2020/G006/000013)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.12.2019.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.12.2019.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a luns 27 de xaneiro de 2020”

A Presidencia pregunta se algun/ha membro ten algo que dicir sobre o borrador da acta.

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.12.2019.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP). MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP). MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.

(Expediente TEdC: 2019/X999/000225-2020/G006/000011)

Tendo en conta que no Pleno ordinario de data 26.12.2019, tomouse razón da renuncia ao cargo de concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), D. Andrés Pérez Pérez,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

solicitándose á Xunta Electoral a credencial acreditativa da condición de electo do candidato seguinte na lista presentada pola formación sinalada nas últimas eleccións locais, D. Luis Ángel Díaz González, tendo en conta o escrito de renuncia de acceso ao cargo de Dna. Lucía Díaz Iglesias.

Tendo en conta que constan no expediente a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos e as declaracións de bens, actividades e posibles causas de incompatibilidade de D. Luis Ángel Díaz González, debidamente inscritas no Rexistro de intereses da Corporación, dando cumprimento aos artigos 75 da LBRL e 182 da LOREG.

De acordo co disposto no RD 707/79, que regula as fórmulas para a toma de posesión dos cargos ou funcións públicas, procede efectuar xuramento ou promesa persoal do cargo.

Procédese a partir de este momento á toma de posesión do concelleiro previo xuramento ou promesa do seu cargo.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a 27 de xaneiro de 2020."

A Presidencia da a palabra ao concelleiro, D. Luis Ángel Díaz González, quen toma posesión, co xuramento do cargo, quen di: "Juro por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo del concejal con lealtad al rey y guardar y hacer guardar la constitución como norma fundamental del Estado"

D. Bernardo Fernández Piñeiro: Benvido e grazas porque independentemente das diferenzas ideolóxicas que temos os que estamos aquí, todos compartimos o cariño por esta vila, así que por tanto benvido a esta corporación municipal y desexámoslle moita sorte.

D. Luis Ángel Díaz González: moitas grazas.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) RELATIVA Á EMIGRACIÓN A INSTANCIAS DE VÍA GALEGA (PLATAFORMA SOCIAL EN DEFENSA DOS DEREITOS NACIONAIS DE GALIZA).

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG: eu creo que non é necesaria leela completamente, creo que todo o mundo a ten por correo, simplemente vou ler moi brevemente un párrafo da exposición, o que ven a dicir é,

" que en Galiza nos últimos dez anos se foron máis de 200.000 persoas, xente que ten entre 16 e 29 anos se foron 80.000 persoas , é como si a cidade de Pontevedra desaparecera, o impacto da emigración é evidente na demografía e no avellentamento da poboación, decía Rosalía de Castro,

.....Este vaise e aquel vaise, e todos, todos se van, Galiza sen homes quedas que te poidan traballar, tes en cambio orfos e orfas e campos de soidade e nais que non teñen fillos e fillos que non teñen pais, e tes corazóns que sufren longas ausencias mortais, viúdas de vivos e viúdas de mortos que ninguén consolar...

Esto decía Rosalía fai máis de 156 anos y o que pedimos que acorde este concello e dirixirse ao Parlamento de Galicia para que tome en consideración a emigración como un drama social,



instar á Xunta a impulsar políticas que aseguren o dereito ao traballo digno y que se creen condicións para favorecer o retorno das persoas emigradas, e o eixo das políticas debía ser defensa das bases productivas de Galiza que mobilice os enormes recursos do país, creación de emprego digno de calidade e o desenvolvemento de políticas sociais que aseguren e que favorezcan a vida laboral. É un pouco un breve resumen que todos temos por correo electrónico adiantado e non pretendía ler completamente a moción en prol da ou en contra de políticas da emigración.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular: nosotros vamos a estar en contra de la moción, porque sí creemos que la Xunta está haciendo bastantes cosas y bastantes normas y leyes para retornados y no retornados.

D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, toma a palabra: pola nosa parte grupo PSG-PSOE compartimos o argumento da moción, e o noso voto será a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a MOCIÓN, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e do BNG (2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; e **2 votos en contra** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o **ACORDO** seguinte:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
- A creación de emprego digno e de calidade.
- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) SOBRE A XESTIÓN DO EMBARRANCAMENTO E RESCATE DO BLUE STAR E A

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SOLICITUDE DE LIÑAS DE AXUDAS PARA GARANTIR AS RENDAS DO SECTOR PESQUEIRO.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG: vou a ler unha pequena parte e os acordos que se deben tomar xa que foi enviada con tempo esta moción e está moi claro o que se pide, tampouco vou a traer a este Pleno mocións moi xenéricas que non se axusten á realidade de Ponte deume, esta é sobre o embarrancamento e rescate do BLUE STAR, é evidente que a ría de Ares é unha zoa moi productiva de marisqueo, pesca de baixura, vía flote, que afecta ás cofradías de Lorbé, Sada, Miño, Ponte deume e A Coruña, incluso hai un barco con base no porto de Ponte deume que faena nesa zona das Mirandas que é unha zona especialmente rica tanto en marisco como en polbo e sendo que se produciu nas datas do Nadal e que se prohibiu durante todo o tempo do embarrancamento nesa zona, digamos que as consecuencias as acaban sufrindo sempre a parte máis débil da cadena que son as persoas que non poideron faenar nesas datas en que se revalorizan os prezos. Entón para que esta inxustiza que sempre se ceba cos máis débiles posto que a armadora vai cobrar os do rescate van cobrar, e que os únicos afectados claramente son os traballadores, urximos ao goberno e á Xunta a tomar medidas específicas ao sector pesqueiro polos perxuízos económicos derivados da prohibición de faenar durante o encallamento e demandar ao goberno do Estado que informe pormenorizadamente do encallamento, solicitar á Xunta cal foi a súa intervención, e isto tamén é moi importante que é esixir ao Estado a revisión do fondadoiro de Ares e que se tomen as medidas porque fondean ao ano un número importante de embarcacións é moi probable que isto volva a repetirse. A idea desta moción é que haxa liñas de axuda y de compensación para as persoas máis débiles que sufriron esta catástrofe e poñer as medidas para que non volva a repetirse no fondadoiro da ría de Ares.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular: estamos de acordo coa moción do BNG, xa que a Xunta xa nos tivo informados.

D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, toma a palabra: tamén estamos de acordo, slavo que aquí nos preferimos votar punto por punto, e no punto 5 votaríamos en contra.

O Sr. Pena Mosquera: Polo noso lado non hai problema en quitar o punto 5, a nosa idea é encontrar consenso, buscar axuda á xente máis relacionada co concello de Ponte deume, e non temos problema en eliminar o punto 5. Entón podemos sacar o punto 5.

D. José Simoes Couceiro: pois o noso voto é a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a **MOCIÓN EMENDADA**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

1.- Demandar do organismo competente do Goberno do Estado –como administración actualmente responsábel en materia de salvamento marítimo- informe pormenorizado das razóns que levaron ao encallamento do Blue Star e, así mesmo, dos protocolos



postos en marcha para a asistencia, salvamento e operación de intervención no caso de contaminación; tendo en conta a consideración da ría de Ares como lugar de refuxio.

2.- Solicitar da Xunta de Galiza que informe de cal foi a súa intervención neste proceso e, especificamente, na toma de decisións que se adoptaron ao respecto do encallamento e rescate do buque; e tamén con relación á información ao sector pesqueiro e marisqueiro eventualmente afectado.

3.- Urxir do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza medidas específicas de compensación ao sector pesqueiro e marisqueiro polos prexuízos económicos derivados da prohibición de faenar que se mantivo desde o encallamento á retirada do buque.

4.- Esixir do goberno do Estado a revisión da Orde que regula a condición da Ría de Ares como zona de servizo ou fondeadoiro dos portos de A Coruña e Ferrol; demandando garantías na dotación de medios, sistemas e protocolos de control para enfrontar calquera incidente ou accidente marítimo que se poida producir na ría.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Dende a Presidencia dáse conta da presentación, por parte do Grupo Municipal do Partido Popular dunha moción: **"PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA"**, cuxo contido se transcribe:

“

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensuralidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros)

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "tocaba en el año 2019" e que "ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir" culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á prestación de servizos público esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Ponte deume, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto tanto o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.*
- 2. Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018*
- 3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia”*

De seguido, sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes a **URXENCIA** da moción **E A SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA** da sesión.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro: a nosa moción é para que o goberno central pague a débeda pendente a Galicia, xa sabemos pola prensa o que está pasando e así tampouco se pode pagar a provedores simplemente decalara a "Reivindicación da Xunta de Galicia ao goberno de España para que ingrese as cunantías do imposto sobre o valor engadido, non liquidadas e correspondentes dun sistema de información inmediata. Declarar o apoio deste concello a reivindicación da Xunta de Galicia ante o goberno de España dunha convocatoria vixente do consello de política fiscal e financeira cunha orde do día que inclúa o punto específico para abordar a aprobación en Galicia dos incentivos e o bo desempeño fiscal dos anos 2017 e 2018 e trasladar estes acordos ao Goberno de España e os grupos parlamentarios.



De seguido, intervén o portavoz do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera: O sistema de financiamento autonómico praxudica gravemente o adiantamento e a dispersión da poboación de Galicia e no a aprobamos nos, e unha reivindicación que xa levamos tampo reclamando que se pague a débeda a Galicia, e se a soberanía financeira en Galicia fora como en Euskadi non pasaría isto. Vamos a facer unha pequena enmenda que xa co grupo municipal do PP que é:

"Instar á Xunta de Galicia a que faga a reclamación da débeda xudicialmente".

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro: a Xunta de Galicia xa o vai reclamar xudicialmente.

D. Luis Pena Mosquera: Facendo esta enmenda nos votaríamos a favor desta moción do PP.

D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente: Nos pedimos que se vote punto por punto, posto que non vemos instar a que unha AAPP inicie unha vía xudicial contra outra. Sí que é certo, e está ben ao final parece que os acordos da moción ademais de perseguir un fin que eu comparto que se pague evidentemente pois tamén hai máis compañeiros en Asturias por exemplo que están gobernando no PSOE e compartne tamén esta reclamación e eu comparto. Sí que é certo que cando que realmente nos interesa é que se pague, e que a proposta debería ser instar directamente ao Goberno do Estado a que pague a débeda que ten con Galicia e reclamada pola Xunta de Galicia, senón parece máis ben unha moción pensada para respaldar á Xunta que non para existir ao Goberno do Estado, e eso é o que debemos facer instar para que pague a débeda aos galegos. E dito isto no sei se están vostedes dispostos a modificar esta premisa que non inflúe no fondo da cuestión simplemente poñer:

"O concello de Pontedeume insta ao goberno do Estado a ingresar as contías do imposto do valor engadido, non ingresadas e liquidadas correspondentes ao 2017 como consecuencia da implantación dun sistema de información inmediata".

"O concello de Pontedeume insta ao goberno do Estado á convocatoria tamén urxente dun consello de política fiscal e financeira cun orde do daí que inclúa un punto específico para abordar a aprobación para Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal dos anos 2017 e 2018", é dicir que estas dúas propostas se inclúan na moción.

E non vamos a votar ningunha proposta de moción que xudicialice a vida política entre distintas administracións, pois pensamos que hai outros mecanismos, e por suposto a Xunta de Galicia está no seu dereito de poder xudicializalo senon se paga, pro sendo sempre a última opción.

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro: como o importante é que pague o Goberno español posi aceptamos a vosa modificación, o que quero é que se aprobe a moción.

O Sr. Presidente: Pois se acepta a proposta o BNG, votamos por separado os puntos, votaríamos o número 2 enmendados tal e como acabamos de comentar eno número 3 tal e como propuso o BNG. Puntos:

"O concello de Pontedeume insta ao goberno do Estado a ingresar as contías do imposto do valor engadido, non ingresadas e liquidadas correspondentes ao 2017 como consecuencia da implantación dun sistema de información inmediata".

D. Luis Pena Mosquera: nos votaríamos a favor, pero solo votaríamos a favor sí o acordo recolle pedir en carta vía comunicado, senon xa sería vía xudicial porque Galicia ten que reclamar eso, ten dereito a eses ingresos e debe ser xa.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro: ese é o terceiro punto, non ten que ver con esto, e dicir, o feito de como reclame é unha cuestión da Xunta de Galicia non nosa, nos estamos de acordo en que se neste ao Goberno de España que apgue e que convoque ese consello de política fiscal e financeira e despois de vostedes queren incluír que se faga por vía xudicial, son cousas independentes.

D. Luis Pena Mosquera: Nos estamos de acordo en que se reclame por vía xudicial.

O Sr. Presidente: votamos punto por punto.

O primeiro quedaría como acabamos de comentar: "O concello de Ponte deume insta ao goberno do Estado a ingresar as contías do imposto do valor engadido, non ingresadas e liquidadas correspondentes ao 2017 como consecuencia da implantación dun sistema de información inmediata".

Sometido a votación, queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

"O concello de Ponte deume insta ao goberno do Estado a ingresar as contías do imposto do valor engadido, non ingresadas e liquidadas correspondentes ao 2017 como consecuencia da implantación dun sistema de información inmediata".

O segundo punto "O concello de Ponte deume insta ao goberno do Estado á convocatoria tamen urxente dun consello de política fiscal e financeira cun orde do daí que inclúa un punto específico para abordar a aprobación para Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal dos anos 2017 e 2018"

Sometido a votación, queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

"O concello de Ponte deume insta ao goberno do Estado á convocatoria tamen urxente dun consello de política fiscal e financeira cun orde do daí que inclúa un punto específico para abordar a aprobación para Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal dos anos 2017 e 2018"

O terceiro punto, da lectura Portavoz BNG, "Instar á Xunta de Galicia a iniciar no menor prazo vía xudicial a reclamación das cantidades aduadas, é dicir, insta a que nos devolvan xudicialmente xa que non ten sentido seguir pedindo e pedindo.

Sometido a votación, **NON SE ADOPTA O ACORDO** por **MAIORÍA de 9 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 votos a favor** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González e do BNG (2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre.



O Sr. Presidente: o seguinte e cuarto punto sería "dar conta destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Diputados e ao Parlamento de Galicia"

Sometido a votación, queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

"dar conta destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Diputados e ao Parlamento de Galicia"

D. Bernardo Fernández Piñeiro: sobre a Comisión Permanente do punto relacionado coa expropiación dos terreos para o parque do tormento da obra de saneamento, non deu tempo a rematar os informes preceptivos , polo tanto trataremos de convocar un Pleno extraordinario na primeira quincena de febreiro para aprobar este punto.

6.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2019)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2019)

(Expediente TEdC: 2020/G006/000014)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 8/2020, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 4º Trimestre de 2019

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 27 de xaneiro de 2020."

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30.01.2020

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente TEdC: 2020/G006/000016)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **719.2019** de 20 de decembro ao **38.2020** de 24 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2019/G003/0009 36	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26.12.2019	00819/2019	20-12-2019 16:15
2019/G003/0009 20	EXPEDIENTE DE PADRONS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, SETEMBRO 2019	00820/2019	20-12-2019 16:14
2019/G003/0009 42	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA. PERIODO: o 27.12.2019 e do 02.01.2020 ao 08.01.2020 (ambos os dous incluídos)	00821/2019	23-12-2019 14:15
2019/G003/0009 22	INCIDENCIAS NÓMINA MES DECEMBRO 2019.	00822/2019	23-12-2019 14:15
2019/G003/0009 39	APROBACIÓN NÓMINA MES DE DECEMBRO 2019	00823/2019	23-12-2019 14:15
2019/G003/0009 17	SEGUROS SOCIAIS NOVEMBRO DE 2019	00824/2019	23-12-2019 14:15
2019/G003/0009 45	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26.12.2019	00825/2019	23-12-2019 15:08
2019/G003/0009 40	Expediente de reintegro 2017, entidade Unión de Comerciantes e Autónomos UCOA	00826/2019	26-12-2019 10:59
2019/G003/0009 04	PAGAMENTO XXII PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME	00827/2019	26-12-2019 10:59
2019/G003/0009 48	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 23, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 8.-	00828/2019	26-12-2019 11:57
2019/G003/0009 50	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/28	00829/2019	26-12-2019 14:38



2019/G003/0009 43	Expediente de Reintegro de subvención 2017, entidad Asociación Folclórica Cultural ORBALLO	00830/2019	26-12-2019 20:04
2019/G003/0009 47	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA "CAMIÑO DO MOJO", DENTRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020.	00831/2019	26-12-2019 17:42
2019/G003/0009 54	TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS QUE CORRESPONDEN AOS CONCELLOS PARTICIPANTES ACHEGAS 2018-19. RECTIFICACIÓN 2017	00832/2019	27-12-2019 10:49
2019/G003/0009 55	PRÓRROGA DO ORZAMENTO DE 2019 A 2020.-	00833/2019	26-12-2019 20:04
2019/G003/0009 38	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA 1º TRIMESTRE E SEGUNDO PAGAMENTO ASIGNACION GRUPOS POLICITOS. PARTIDO POPULAR	00834/2019	27-12-2019 12:39
2019/G003/0009 53	Aprobación conta xustificativa pago axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso Escolar 2019-2020. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Pontedeume	00835/2019	27-12-2019 13:02
2019/G003/0009 49	APROBACIÓN RELACIÓN PARTICIPANTES NOS TALLERES CULTURAIIS XERAIS CURSO 2019/2020	00836/2019	27-12-2019 13:02
2019/G003/0009 46	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_21º (AI 99500000019377)	00837/2019	27-12-2019 13:06
2019/G003/0008 43	CAMBIO TITULARIDADE DA TAXA DE ROCOLLIDA DE LIXO FERREIROS Nº 7-4º A SOLICITUDE DE ...//...	00838/2019	27-12-2019 13:08
2019/G003/0008 41	CAMBIO TITULARIDADE DA TAXA DE ROCOLLIDA DE LIXO A SOLICITUDE DE ...// ...	00839/2019	27-12-2019 13:08
2019/G003/0001 54	TAXA DO LIXO: Cambio de titularidade compravenda 28-02-2019	00840/2019	27-12-2019 13:27
2019/G003/0001 12	TAXA DO LIXO: Cambio de titularidade por compravenda (12-02-2019)	00841/2019	27-12-2019 13:27
2019/G003/0009 18	Decreto Subvenciones Nominativas ADC Monte Bremao 2019	00842/2019	27-12-2019 13:29

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2019/G003/0009 51	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA ASIGNACION GRUPOS POLICITOS. BNG	00843/2019	27-12-2019 13:30
2019/G003/0009 26	RECTIFICACIÓN RESOLUCIÓN SEGUROS SOCIAS, XUÑO 2019	00844/2019	27-12-2019 13:30
2019/G003/0009 41	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	00845/2019	27-12-2019 14:44
2019/G003/0009 59	CORRECCIÓN DE ERRO EN DECRETO DE APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA 1º TRIMESTRE E SEGUNDO PAGAMENTO ASIGNACION GRUPOS POLICITOS. PARTIDO POPULAR	00846/2019	27-12-2019 14:42
2019/G003/0009 62	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL. Periodo: De luns 30.12.2019 ao martes 07.01.2020 (ambos os dous incluídos)	00847/2019	30-12-2019 10:02
2019/G003/0009 60	Decreto firma subvencións nominativas entidades deportivas 2019	00848/2019	30-12-2019 13:47
2019/G003/0009 61	APROBACIÓN CONVENIOS ENTIDADES ÁREA CULTURA E COMERCIO 2019	00849/2019	30-12-2019 14:01
2019/G003/0009 58	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, 2 E 3 DA OBRA: "RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA".	00850/2019	30-12-2019 15:47
2019/G003/0009 30	XUSTIFICACIÓN DE AGADER 2019-2020. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019- 2020. CAMIÑO DO MOJO	00851/2019	30-12-2019 16:31
2019/G003/0009 67	Convocatoria Subvenciones Nominativas ACD Monte Breamo 2019	00852/2019	30-12-2019 21:37
2019/G003/0009 68	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E A ENTIDADE ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA E CULTURAL ORBALLO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2019	00853/2019	30-12-2019 21:37
2019/G003/0009 70	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO	00854/2019	30-12-2019 22:13



	DAS ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2019		
2019/G003/0009 64	APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS NÚMERO: 5, 6, 7, 8 E 9 DA OBRA -CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO 3 X 3.	00855/2019	31-12-2019 10:49
2019/G003/0009 69	APROBACION DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/29	00856/2019	31-12-2019 10:49
2020/G003/0000 02	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 810/2019 DE 18.12.2019 DE CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME Expte. 2019/C002/000005	00001/2020	02-01-2020 19:14
2020/G003/0000 01	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABAJO PARA OBRA "SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA DE FERROL (POS+ 2018)"; Expediente: 2019/C003/000001	00002/2020	03-01-2020 10:04
2019/G003/0009 65	CONTRATACIÓN AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL AÑO 2020 XANEIRO	00003/2020	03-01-2020 14:18
2020/G003/0000 05	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00004/2020	09-01-2020 15:25
2020/G003/0000 03	DESIGNACIÓN DAS PERSOAS MEMBRO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (Expediente TEDeC: 2019/C006/000001)	00005/2020	09-01-2020 15:25
2019/G003/0009 56	PAGO DE COTAS Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA PLAZA MAESTRO ALVARO VAZQUEZ PENEDO Nº 4	00006/2020	27-12-2019 14:14
2019/G003/0009 71	PAGAMENTO TAXA DOG APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO 2019.	00007/2020	15-01-2020 19:07
2020/G003/0000 11	APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN AL REQUERIMIENTO DE SUBSANACIÓN DE LA SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME	00008/2020	16-01-2020 14:51
2020/G003/0000	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN	00009/2020	17-01-2020

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

17	PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE PORTIÑO ATA ANDURIÑA. EXPTE 2018/C003/000010		13:47
2020/G003/0000 15	PAGO MODELO 111 IRPF, DECEMBRO 2019	00010/2020	17-01-2020 13:45
2020/G003/0000 14	COMUNICACION PREVIA DE OBRA EN RUA FERREIROS 23 PARA COLOCACION DE TELLA E PINTADO DE FACHADA	00011/2020	17-01-2020 15:03
2020/G003/0000 09	DECRETO DE INICIO PROCEDUREMTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2020_01 (AI 99500000019431)	00012/2020	17-01-2020 15:02
2020/G003/0000 08	XUSTIFICACIÓN DO PERSOAL DINAMIZADOR DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DO 4º TRIMESTRE 2019	00013/2020	17-01-2020 15:02
2020/G003/0000 07	PROPOSTA DE AMPLIACIÓN NA INTENSIDADE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00014/2020	17-01-2020 15:01
2020/G003/0000 04	PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, OUTUBRO 2019	00015/2020	17-01-2020 15:44
2019/G003/0008 65	ALTA DO RECIBO DE LIXO POR ADQUISICIÓN DE VIVENDA A SOLICITUDE DE Mª JOSÉ IGLESIAS BOUZA	00016/2020	20-01-2020 12:48
2019/G003/0008 27	CAMBIO TITULARIDADE DE RECIBO RECOLLIDA DE LIXO A SOLICITUDE DE ...// ...	00017/2020	20-01-2020 12:48
2019/G003/0008 33	CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO A SOLICITUDE DE ...// ...	00018/2020	20-01-2020 12:48
2019/G003/0008 72	CAMBIO DE RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN AVDA RICARDO SANCHEZ 34 3 3ºC A SOLICITUDE DE ...//...	00019/2020	20-01-2020 12:48
2019/G003/0008 34	BAIXA DOS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN AUGABAR 23 E DEVOLUCION DOS IMPORTES COBRADOS	00020/2020	20-01-2020 12:48



	INDEBIDOS SOLICITADA POR ...//...		
2019/G003/0008 30	CAMBIO DE TITULAR EN RECIBOS DE LIXO SOLICITADO POR ...//...	00021/2020	20-01-2020 19:35
2019/G003/0008 32	CAMBIO DE TITULARIDADE NOS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO A SOLICITUDE ...//...	00022/2020	20-01-2020 19:35
2019/G003/0008 29	CAMBIO DE TITULARIDADE DO RECIBO DE LIXO A SOLICITUDE DE ...//...	00023/2020	20-01-2020 19:35
2019/G003/0008 14	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBO RECOLLIDA LIXO AVDA. DR. VILLANUEVA , 66 P.7 - 3º C	00024/2020	21-01-2020 11:01
2020/G003/0000 36	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 27.01.2020	00025/2020	22-01-2020 15:02
2020/G003/0000 38	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO DE 23.01.2020	00026/2020	22-01-2020 15:02
2020/G003/0000 35	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 27.01.2020	00027/2020	22-01-2020 15:02
2019/G003/0008 44	CAMBIO TITULAR RECIBO TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO NA DIRECCION RIA DE ARES Nº 3 BJA SOLICITUDE DE ...//...	00028/2020	23-01-2020 13:15
2020/G003/0000 33	Solicitud de tarjeta de estacionamiento y accesibilidad para discapacitados	00029/2020	23-01-2020 13:15
2020/G003/0000 37	OUTORGAMENTO LICENZA PARA CAN RPP A NOME DE ...//...	00030/2020	23-01-2020 13:15
2020/G003/0000 32	CORRECCION DO EMPADROAMENTO DE ...//...	00031/2020	23-01-2020 13:15
2019/G003/0008 38	CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DE LIXO, AUGA E ALCANTARILLADO A SOLICITUDE ...//...	00032/2020	24-01-2020 13:23
2019/G003/0008 50	CAMBIO DE TITULAR DE TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN AVDA DR. VILLANUEVA 32 -1º A SOLICITUDE DE ...//...	00033/2020	24-01-2020 13:24
2019/G003/0008 48	CAMBIO DE TITULARIDAD EN RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO A SOLICITUDE DE ...//	00034/2020	24-01-2020 13:24

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	...		
2019/G003/0008 47	CAMBIO DE TITULAR RECIBO DE LIXO DE PRAZA DO CONDE 5-1 ESQ, A SOLICITUDE DE ...//...	00035/2020	24-01-2020 13:25
2019/G003/0008 61	CAMBIO DE TITULARIDADE DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DE RÚA IRMANDIÑOS 4-2ºD A SOLICITUDE DE ...// ...	00036/2020	24-01-2020 13:25
2019/G003/0008 39	CAMBIO DE TITULARIDADE NA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO A SOLICITUDE DE ...// ...	00037/2020	24-01-2020 13:25
2020/G003/0000 24	COMUNICACION OBRA EN PARED COLINDANTE A CHAO DE VILAR 17	00038/2020	24-01-2020 13:26

Documento asinado dixitalmente asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, a luns 27 de xaneiro de 2020. ”

Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, formula os seguintes ROGOS:

1. Rogamos un esforzo en la vigilancia del aparcamiento de Ponte deume, especialmente en las plazas de minusválidos, xa que hai xente que aparca sen a tarxeta de minusválidos.
2. Rogamos la limpieza de los contenedores de la Plaza del Conde ya que nos dicen que huelen mal.
3. Los adoquines de la calle San Miguel se encuentran en pesimo estado, rogamos los arreglen.
4. Rogamos que se reparen y se sustituyan las piedras rotas en a rúa do Picho.
5. Rogamos pongan balizas en la acera de la calle Betanzos ya que las sillas de uredas no pueden bajar por estar estacionados los vehículos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro: se van a instalar cando se rematen as obras do mercado e non se fixo todavía por ese tema.

D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG: nos non temos ningún rogo.



D Bernardo Fernández Piñeiro: Recorda a todos que as preguntas deben ir "por escrito" segundo a ordenanza reguladora aprobada na anterior lexislatura e consensuada, a partir de agora rogo que as preguntas se fagan por escrito, e aínda que o regulamento indica que as preguntas serán contestadas no seguinte Pleno, pero desta forma intentaremos respostalas no mesmo Pleno a epor escrito e así non existirá ningunha dúbida, que en caso de existir algunha estamos dispostos a aclarala sen problema. Entón fago entrega das respostas por escrito, e se darán saída tamén por correo electrónico atodos vostedes. En contra do dito por algún dos grupos, aquí non se coarta o debate, porque o propio regulamento xa establecía que na tirada de preguntas non hai debate. Polo tanto, non vamos facer nada que no sexa dar cumprimento ao reglamento que aprobou o Pleno e que ademais se este consello aproba normas estas sexan de estrito cumprimento. Ademais este regulamento establecía unhas tempos e unhas quendas de intervención necesitamos ser flexibles, e dicir, hai uns tempos marcados aínda que non estamos a aplicar pra intentar favorecer que as exposicións sexan máis permonizadas dentro do posible. Intentamos así que non haxa discrepancias nas respostas existntes e por iso se entregan por escrito, se queren tamén que lles entreguemos aos distintos grupos as respostas do oturo grupo ás súas preguntas tampocuo hai inconvinte algún e lle facemos chegar as respostas, e facemos así entonces se lles parece ben.

D. Luis Pena Mosquera: supoño que o espírito de dar as respostas por escrito é que queden claras as respostas, pero non creo que esa ordenanza obligue a que non haxa debate no Pleno, é o único que se onsigue é que se coarte a que o público que ven aquí a escoitar lle quede claro o que vimos dicir, o ten fácil, pon os Plenos pola tarde e poñer as medidas necesarias para gravar e poñer as audicións a disposición de todo o mundo como fan outros concellos e non coartar o debate que é o único que vostede está conseguindo con esta actitude. A ordenanza evindetemente non priva, nin obirga a que non haxa debate oral nn público das cuestións, o espírito da ordenanza é a contestación por escrito para que non haxa dúbidas do cal estamos encantados.

O Sr. Alcalde: unha vez máis queda claro que vostede non leu a ordenanza, o que di literalmente a ordenazna aprobada no Pleno o 26/11/2015 cox votos a favor do PSG/PSOE e BNG e publicado no BOP o 07/12/2015 en aplicación do artigo 62 de "intervención dos membros da administración local". No apartado que se refiere ás preguntas en calquera cuestión exposta aos órganos de goberno no Pleno, farán as preguntas os grupos municipais a través das súas portavocías tanto ao alcalde ou alcaldesa como aos concelleiros e concelleiras que ostenten delegacións xerais ou especiais. As preguntas serán contestadas oralmente polo destinatario na sesión seguinte sen prexuízo sen que o destinatario queira darlle respostas inmeidatas as preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, e seán presentadas como mínimo un día antes da celebración da sesión correspondente e serán contestadas ordinariamente na seguinte sesión sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta na sesión inmeidata. Non se admitirán preguntas sobre o exclusivo interese de quen a formula ou de calquera persoa singularizada o as que supoñan consulta de índole xurídico, técnico ou económico. Na quenda de contestación ás preguntas non caberá ningunha intervención adicional á do preguntado polo que non haberá lugar a debate algún, poderanse presentar ocomo máximo 12 preguntas por grupo municipal.

Polo tanto o regulamento aprobado e consensuado co seu grupo e tamén a do grupo Popular, dí o que dí, e no o que dí vostede, queda claro a que no hai debate, entón non estou coartando nada, nin me estou cargando nada, estou aplicando unha norma que aprobou esta corporación e mentras non se modifique está en vigor. Polo tanto, non entre e non faga vostede demagogia, ademais de que non é certo que se impida o debate porque precisamente acabamos de

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

debatir 3 mocións, polo tanto para eviar o que dí vostede deas manipulacións das rspostas que se dan, xa anunciado por mín no Pleno que dixen que a partir de agora as respostas se farán pro escrito, e así consta en acta, pero o que transcribiu vostede a través do washap e das redes sociais, foi " O Alcalde anunciou hoxe que se acabou o debate nos Plenos", cousa que non dixen en ningún momento, entón como vostede manipula constatemente as rspostas que se dan e eu non teño ningún interés en estar desdecindoo a vostede porque teño moitas cousas que facer, traslado as respostas por escrito e punto, así via a ter vostede e a veciñanza tanto se o Pleno é pola tarde ou pola mañá, pois tamén hai xente que traballa pola tarde, pois eu xa estiven nesta corporación celebrando Plenos pola tarde e o número de público era similar. Ademáis sabe vostede que se fan polas mañás por unha cuestión interna de organización do concello e de poder ter aquí aso funcioanrios e polo tanto non ter que pagara despois horas e non telos aquí todo o día ademáis de poderse adicar a outros traballos ou que tiveran que compensar as horas a día seguinte entrando máis tarde, de esta forma poden cumprir co seu horario e entendemos que é máis eficaz para o funcionamento. Na Deputación Provincial da Coruña en donde eu goberno co seu partido , os Plenos tamén son pola mañá y en concellos nos que govern o seu partido tamén son pola mña, pro tanto vamos a ser coherentes todos, e en base ao regulamento aprobado e consensuado co seu grupo e se quere pode rescatarlle a acta co adecalración do concelleiro do seu gurpo naquel momento o Sr. Salvadores donde decía que lle parecía un bo regulamento e que estaba ben pensado para evitar debates estériles que en moitas ocasións se elongaben no tempo e non levaban a ningunha parte, mías ou menos non é literla , pero se quere lle pasmos unha copia da acta para que o poida comprobar.

Polo tanto, si no transcurso do tempo vemos que vostede está pola labor de reproducir as respostas, non hai impedimento nin inconveniente a volver a situación anteiro. Agora se vostede sigue mantendo esa actitude de manipulación cosntante da realidade e das respostas que se lledan, eu non estou disposta a que vostede poña na miña boca cousas que non dixen, e que as utiliza vostede para facer política dunha maneira que xa demostrou o tempo con outros grupos que non acaban de ver, pero que xa dixen algún día que cada un mcarca o seu ritmo, para mín a millor garantía de seguir estando onde estou é seguir pola oposiición na que se engana, e se traslada a realidades que nada ten que ver co que aquí se fala, pode vostede facer a oposición que considere oportuna repito, non vou a entrar nunha competencia súa e do seu grupo, agora ben o que non lle vou a consentir e que manipule constantemente as respostas que se dan porque os concelleiros aquí senados adican un tempo a darlle resposta ás preguntas para que despois vostede diga o que lle da a gana e que xa trae precociñada. Dito visto rematou a sesión e que quede claro que aquí ninguén coarta nada, porque está aprobado polo Pleno da corporación "repito" consensuada e redatada no acordo do seu gurpo. Terá que ter un pouco de coherencia.

D. Luis Pena Mosquera: Deberíamos tomar a palabra ou facer un debate.

O Sr. Fernández Piñeiro: Non, están os puntos perfectamente claros e non vamos a seguir debatindo.



O Sr. Pena Mosquera: Sr. Alcalde esto non é ningún problema, ¿porqué un non pode tomar a palabra?

O Sr. Alcalde:, se vai vostede responder o mesmo non ten moito sentido, podemos votar aquí a mañá enteira.

O portavoz do BNG: Si eu son das persoas que fan as intervencións máis cortas que vin na miña vida. Primeiro non entendo que diga vostede que a ordenanza nos obriga a que non haxa contestacións.

D. Bernardo Fernández Piñeiro: Non o día a ordenanza, ve como vostede está a manipular o que se dí. Se se modifica a ordenanza e volvemos á situación anterior, pero se vostede segue así non a vou a cambiar. Se vostede sentira o mínimo respecto polos que estamos aquí sentados e deixara de facer eses chascarrillos que fai, risas ou mirar para outro lado cando se lle fala e que fai moi habitualmente nos Plenos e así o temos constatado pois seguramente a cousa sería doutra maneira, o que non pode é poñer aquí o que considere oportuno, podes ser moi crítico co goberno, hai moitos aspectos criticados para este goberno, porque non somos perfectos nin podemos facelo todo ben, pero hai outros grupos da oposición ahí totalmente educados e respetuosos. Polo tanto, a quen compete dirixir os Plenos é a mín e gustaríame que a imaxe dos Plenos que se deste concello sexa un pouco máis elevada da que dimos nalgún momento.

O Sr. Pena Mosquera: ¿cando non fun respetuoso con vostede?

D. Bernardo Fernández Piñeiro: En varias ocasións, conmigo e cos concelleiros. A mín unha persoa que lle estas falando e se está rindo cando estas falando, non me parece respetuoso. Eu polo menos non adoito facelo, ou tamén como fai vostede en algunhas ocasións que lle estou falando e está mirando para a parede, tampouco me parece respetuoso. Igual vostede sí, porque mostra outro carácter distinto ao meu, pero como se da a circunstancia de que quen dirixe os debates son eu e eu son o Alcalde, pois eu decido como se organiza.

D. Luis Pena Mosquera: Sr. Alcalde, está vostede a soltame un chorro verbal que non ten sentido. Se vostede quere transparencia, gráveo e poñao na web como fan os máis.

O Sr. Alcalde: Levo máis cousas que iso.

D. Luis Pena Mosquera: A ordenanza se quere cambiala, non acambie vostede, que a cambie o Pleno e seía moi interese aínda que vostede non o crea que se comente o debate. Todo o demáis é facer demagogia en conta desta oposición sobre o noso comportamento manipulador que é absolutamente falso.

O Sr. Fernández Piñeiro: é a súa opinión. En todo caso para que exista un debate hai que dabitir sobre ideas e propostas do contrario, se o contrario fai unha proposta e vostede pon da súa boca unha proposta que non fixo, non hai debate. O que hai é unha manipulación do que se está a falar para que vostede diga o que quere dicir ou o que vostede lle interesa dicir, si vostede quere dabitir, eu levo debatindo aquí moito estando na oposición e a longo da pasada lexislatura e houbo Plenos broncos e duros xa que o que facemos é política e no pasa nada, agora eu debato con unha persoa sobre o que me dí, non debato sobre o que non dí, que é o que está a pasar aquí ultimamente como por exemplo o que lle acabo de comentar de que o se dixo no Pleno " Se van a hacer todas las preguntas por escrito", e vostede dí "O Alcalde acaba de anunciar hoy que non se va a dabitir máis en los Plenos", eso non é verdade, entón vostede manipula, como manipula outras moitas cousas que se dín, e que non son verdade. Entón se vostede é capaz de reconducir esa postura, non temos inconveniente en amoldar a situación,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

senón daremos cumprimento estrito ao que dí esta ordenanza, sabendo que son moi flexible xa que non teño inconveniente en que falen máis dos tres minutos que hai, non hai problema, aquí s'inclúen as mocións do orde do día, se vota a urxencia, cousa que no pasaba noutras etapas nas que automaticamente todo o que viña pola oposición non se presentaba, non se metía na orde do día, incluso estando presentada en forma, e non se debatía, ese problema non o temos, entón a nos leccións de transparencia non nola pode dar, porque o noso goberno e moi transparente, e sobre as gravacións hai un proxecto que se pideu unha subvención á Xutna de Galicia que foi rexeitada, hai que ter un mobiliario neste Pleno e no se grava con tlf. Hai que ter un sistema de vídeo-acta que é o que pretendía vostede e que xa temos un proxecto preparado para que tan pronto como haxa financiación poder solicitala, non temos ningún inconveniente coa transparencia, sobre ese aspecto lección ningunha. Polo tanto mentras a actitude sexa traer unha resposta precociañad isn escoitar o que se cotnesta, estamos na mesma situación. E non haberá ningún problema en volver ao sistema.

De seguido, e tendo en conta a decisión do goberno local de dar resposta por escrito, conforme ao establecido no artigo 62 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP nº 234 de data 7 de decembro de 2015), ás preguntas presentadas polos Grupos da oposición, fanse entrega aos distintos portavoces das respostas ás preguntas formuladas, que se transcriben para a suá constancia:

Preguntas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular:

1. ¿ Cando ten previsto convocar as prazas de persoal laboral pendentes de executar que saíron publicadas no DOG con data...?
2. ¿Existe algún proxecto para o mercado provisional no futuro?
3. Recentemente se pintaron as prazas de aparcadoiro reservadas a persoas con diversidade funcional ou minusvalía sitas na Praza do Conde. ¿Esta acción vaise repetir na totalidade de ditas prazas da vila?
4. ¿Cando está prevista a limpeza e desatasque dos sumidoiros da vila?
5. Temos constancia, por protestas dos usuarios, das deficiencias de mantemento da piscina municipal. ¿ Vaise tomar algunha medida para que a empresa concesionaria se faga cargo da reparación das mesmas?
6. A marquesiña instalada na parroquia de Boebre non cumpre as medidas que se proxectaron no seu día. ¿ trátase dunha medida provisional ou e a definitiva?

Preguntas presentadas polo Grupo Municipal do BNG:

1. Novo centro deportivo municipal. Un novo centro deportivo é unha necesidade para a Vila e xa no PXOM prevese a necesidade desta área municipal deportiva. Por iso PXOM reserva uns terreos de 17.400 m² en Esteiro (DXP-1) para a súa instalación. Cal é a cuantíaque se asignannos orzamentos do 2020 cara a consecución dun novo centro deportivo municipal ??



2. Servizo de limpeza municipal. S O servizo de limpeza municipal funcionaba optimamente no Colexio Couceiro Freijomil e toda a comunidade educativa así o atestigua. Cal é a razón para privatizar o servizo e detrasladara Elena a outro centro educativo ? Cal é o importe da licitación pública da limpeza no Couceiro Freijomile cal é coste final do servizo ? Cantas horas mensuais están contratadas ?
3. Erradicación do maltrato anima Artigo 34 da lei 4/2017: *“os concellos están obrigados a realizar os labores necesarios de inspección, control e vixilancia...”*. Cales son os protocolos existentes e cales son as medidas implementadas polo concello de Pontedeume para cumprir coa súa responsabilidade na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación la Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia?
4. As parroquias. Cales foron as actuacións levadas a cabo dende a concellería de parroquias nos últimos 8 meses ?
5. Beirarrúas de Centroña. Cal é o estado actual do expediente para a construción das beirarrúas de Centroña
6. Oficina de rehabilitación. Nos orzamentos do 2020 que cantidade se destina ao desenvolvemento do PEPRI e á creación dunha Oficina de Rehabilitación para por en marcha unha Área de Rehabilitación Integral?
7. Punto de atención á muller. En setembro o BNG presentamos unha moción contra a violencia machista que pedía textualmente “crear un punto de asesoramento municipal gratuito (1 hora semanal) para o asesoramento, prevención e loitan contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica”. Que medidas se tomaron dende a Alcaldía para cumprir co este compromiso asinado en pleno e feito público nos medios de comunicación ???
8. Limpeza de camiños e núcleos rurais. Unha das apostas claras do BNG é a de planificar e temporalizar os traballos de limpeza e desbroce das parroquias. Esta obriga do concello non pode depender das ordes discrecionais dos concelleiros ou do alcalde, senón que debe organizarse como o servizo de recollida de lixo. Que fixo a alcaldía durante estes últimos 6 anos ?
9. Transparencia. Por que a alcaldía non graba os plenos e os retransmite en directo para a veciñanza ?

As respostas entregadas ás preguntas do Grupo Municipal do PP foron as seguintes:

1ª.- Xa se fixo unha primeira mesa de negociación para presentar a oferta de emprego público aos sindicatos. Agora está prevista a convocatoria dunha segunda mesa na primeira quincena do mes de febreiro onde se acordará cos representantes dos traballadores a orde no que se irán convocando esas prazas e os prazos.

Cabe lembrar que a lei establece un prazo máximo de 3 anos para o seu desenvolvemento (EBEP).

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2ª.- Unha das naves reservárase para unha zona de coworking que estamos a xestionar na actualidade coa Deputación Provincial da Coruña, outras a intención é dedicar unha parte para locais municipais para uso por parte do concello e do tecido asociativo da vila e outra parte das naves, previa definición do plan de usos do edificio, sería destinada a locais de hostalería en réxime de concesión como xerador de emprego e riqueza.

3ª.- Sí, na medida do posible e de forma progresiva en todas aquelas en as que sexa necesario.

4ª.- Xa se está realizando no medida do posible con persoal municipal, e noutras zonas tales como as lonxas de Rajoy, realízase de forma periódica en colaboración con Viaqua.

5ª.- As queixas que chegaron ata o día de hoxe trasladáronse á empresa concesionaria do servizo para a súa corrección.

Engadir que esta mesma semana fíxose unha visita ás instalacións co equipo que redacta o proxecto do edificio no seu día, a fin de realizar un estudo pormenorizado das deficiencias que ten o edificio e posibles mellores para a incorporación no prego que se está realizando actualmente.

6.- A marquesiña á que fan referencia vostedes non é a pactada no seu día, senón que vén substituír unha que foi golpeada por un vehículo con danos irreparables.

A que fan vostedes referencia é unha que se van a instalar en fronte ao Bar Catro Camiños que xa está construída e pendente de instalar pola empresa.

7ª.- O investimento foi aprobado no pleno da Deputación Provincial e no mes de xaneiro publicábase no BOP a cesión gratuíta por parte dos propietarios dos terreos afectados.

De seguido, transcríbense as respostas ás preguntas do Grupo Municipal do BNG:

1.- O Plan Xeral de Ordenación de Ponte deume contempla na zona de Esteiro dúas bolsas de chan calificado como dotacional. A DXP-1 e SCXP-2, é dicir uso deportivo e cultural respectivamente. Para deserolar calquera das dúas bolsas compre previamente executar o instrumento de xestión urbanística, definindo o sistema de obtención destes terreos, así coma a súa ordenación, definición e urbanización. Compre recordar que trátase dunha zona con importantes diferencias de cotas e unha pendente bastante pronunciada, polo que a urbanización dos mesmos é complexa. Así mesmo, o PXOM contempla que a bolsa definida como SCXP-2 está adscrita ao desenrolo do Plan Parcial de Leite Celta, sendo esta empresa como promotor do mesmo, a encargada de adquirir os mencionados terreos, ordenalos e coordinación co Concello e poñelos á súa disposición. No caso do DXP-1 tería que ser o Concello o que obtivese eses terreos, para o cal xa se iniciaron tempo atrás xestións con



algúns dos numerosos propietarios afectados, para coñecer a súa disposición de cara a venda dos mesmos, e a fin de decidir se o sistema de obtención debe ser ese, ou de haber unha parte que non estean dispostos á venda ou non se poida chegar a acordó, proceder polo sistema de expropiación. A niguén se lle escapa que este tipo de trámites alónganse sempre no tempo, ralentizando o proceso. Tendo isto en conta, así coma polo feito de que as necesidades de equipamentos deportivos nesta Vila son máis amplas que as dos equipamentos culturais, dada a ampla oferta de disciplinas deportivas que os distintos clubs imparten neste municipio o que infraestruturas necesarias son maiores en número, , e polo tanto en custo, así coma polo feito de que dende este Goberno considérase que a ubicación da bolsa de chan reservada para equipamento cultural nesa zona non é a adecuada tendo en conta o perfil de moitos dos usuarios desas infraestruturas,

2.- Sendo evidente a necesidade de proceder á limpeza dos centros escolares de educación primaria sobre os que este Concello ten as competencias de limpeza, mantemento e conservación, e garantindo as debidas condicións da prestación do mencionado servizo, a determinación da contratación cunha empresa deste municipio do sector obedece á e a inexistencia en plantilla de persoal municipal do servizo de limpeza que poida atender en condicións axeitadas de intensidade e frecuencia estas labores. Polo tanto, carecendo este Concello de medios propios (recursos humanos) e sendo irrenunciable a prestación deste servizo nos centros , resulta obrigado concertar este con terceiros. Dende hai xa máis de 4 anos , o servizo de limpeza do CEIP Couceiro Freijomil viña estando cuberto por persoal do concello ta so no 50%, convivindo deste xeito dous tipos de contratación, polo que non se está a desmantelar o servizo de limpeza municipal, senón que se está reestruturando unha situación precaria en canto á forma de contratación, de maneira temporal, namentres se redactan os pregos de licitación públicos, abertos e de libre concorrncia para adecuar este servizo a legalidade. Así mesmo queremos aclarar que non se despediu a ningunha traballadora municipal, posto que unha das traballadoras causou baixa por xubilación (lembramos que a taxa de reposición das prazas de xubilación das/dos traballadoras/es de limpeza municipal é do 50% segundo a Lei de presupostos xerais do Estado, polo tanto é unha praza que, a día de hoxe non podemos cubrir) e a outra traballadora mantén o seu posto de traballo dentro do concello, xa que en ningún momento se pensou en despedir a ningún/a traballador/a do concello , senón en cubrir unha carencia de persoal . Esta decisión de reestruturación corresponde a un proceso que leva xa meses perfilándose e que foi estudado por os distintos departamentos municipais implicados así coma comunicado en tempo e forma a dirección dos centros e os/ traballos/as propios e externos/as.

3.- Os contemplados pola Lei autonómica que regula esta cuestión. Por parte deste goberno procedeuse á elaboración dunha ordenanza reguladora de tenencia de animais cun rexistro municipal dos mesmos e xestionáronse todas a autorización para o acceso ás bases de datos para identificación dos animais por parte da policía local.

Ademais está contratado un servizo de lacería para a recollida de animais tanto abandonados, cadáveres ou perdidos. Así mesmo por parte da policía local cando se denuncia ou se detectan casos de abandono ou malos tratos procédese á realización das investigacións oportunas e á redacción do consecuente informe para de ser o caso darlle traslado do mesmo á autoridade competente na materia.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.- A concellería de parroquias realiza funcións de intermediación entre as asociacións de veciños, a veciñanza que reside nas mesmas e as distintas concellerías do goberno municipal para atender e dar resposta ás súas propostas e solicitudes.

Entre as accións desenvolvidas ao longo destes 8 meses, destacan as relacionadas con novas iluminacións públicas, reparación de existentes, reparación de camiños públicos, estudos ou redacción de proxectos para dotación de novos servizos como pode ser saneamento ou abastecimentos de auga potable, instalación de contedores de recollida de residuos, instalación de espellos, mantemento e conservación de fontes e lavadoiros, sinalización, dotación de novas infraestruturas, localización de problemas de cobertura de telefonía móbil, elaboración de proxectos para dotación de aparcamentos nas inmediacións dos cemiterios municipais, etc.

5.- Na actualidade e a proposta dos servizos técnicos da Deputación Provincial estase procedendo á modificación do proxecto para a mellora dos trazados contemplados no mesmo.

Así mesmo, tendo en conta a imposibilidade de obter a cesión gratuíta dalgún dos terreos afectados no proxecto inicial, unha vez realizada a modificación mencionada con anterioridade, procederase a iniciar os trámites para a obtención dos terreos afectados vía expropiadora, así como á aprobación do proxecto por parte do pleno da Deputación e a dotación económica para a súa posterior licitación.

6.- Os traballos que se están a realizar actualmente para a redacción do PEPRI xa foron pagados polo goberno anterior.

Meses atrás o documento foi remitido para informe sectorial, unha vez finalice toda a tramitación deste documento, a súa aprobación definitiva e a súa entrada en vigor, poñerase en marcha a oficina de rehabilitación e o ARI.

Tendo en conta a tramitación dun expediente destas características e a gran cantidade de organismos que interveñen no mesmo, non é posible a día de hoxe establecer unha data definitiva para a súa implantación debido a que a mesma non depende do concello senón de todos os actores que interveñen neste proceso.

7.- A proposta contemplada no programa electoral do noso grupo e referendada meses despois por unha moción presentada polo BNG, establece a posta en marcha dun servizo de asesoramento xurídico á muller onde se orienta e informa en todas aquelas cuestións legais que lles afectan contribuíndo a garantir unha defensa efectiva e a tutela dos seus dereitos, concretamente asesoramento xurídico e xudicial referidas ao dereito familiar, penal e civil.

Ao longo destes primeiros meses de legislatura realizáronse todos os trámites e xestións para o cumprimento dese compromiso adquirido coa veciñanza durante a campaña electoral. Estando



estas xa finalizadas a día de hoxe, o servizo poñerase en funcionamento a partir do día 7 de febreiro.

8.- O que fixo o goberno local ao longo destes últimos 4 anos e 8 meses que leva á fronte da alcaldía, foi precisamente elaborar unha planificación exhaustiva para a limpeza e roza dos camiños dos parroquias, en colaboración co operario encargado deses labores.

É importante deixar claro que estes traballos desde que este goberno tomo posesión non dependeron, nin están a depender, en ningún momento de ningún tipo de orde discrecional, senón que hai unha temporalización dos traballos realizando de forma consecutiva e ordenada varias rozas ao longo do ano.

Á vista da pregunta dá a impresión que por parte do seu grupo é descoñecedor da situación e funcionamento deste servizo posto que o que vostedes definen como unha aposta clara, xa é unha realidade de hai tempo.

9.- Unha vez máis, a redacción da pregunta non é adecuada debido a que induce a erro. A alcaldía non ten entre as súas funcións a gravación dos plenos, senón que esta debe de corresponderlle a técnico competente na materia, dá a impresión de que existe por parte do seu grupo certa obsesión que a alcaldía adxudicándolle constantemente responsabilidades que ostentan outras areas do concello.

Dito isto, actualmente o concello non dispón dos medios necesarios para tal fin. Tendo en conta este feito, xa se redactou unha memoria no seu día para a posta en funcionamento dun servizo de vídeo acta para o que a día de hoxe, tras ser denegada a subvención solicitada á Xunta de Galicia na pasada lexislatura, seguimos buscando financiamento doutras administracións debido a que os recursos municipais son limitados e moitas as necesidades que nos expoñen os veciños para facer fronte.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e catro minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.